

-Organizacións empresariais:

Titulares: Carmen Alonso-Macías Jorreto.

José Bernardo Silveira Martín.

Suplentes: Luis Geremías Carnero.

Carmen Suárez Martínez.

-Organizacións sindicais:

Titulares: Antonio Iglesias Duarte (CIG).

Daniel Costas Fernández (CC.OO.).

Pilar Macías Feijoo (UGT).

Manuel González Moreira (CIG).

Suplentes: Manuel González Moreira (CIG), membro rotatorio por un ano.

Ángel Cameselle Corbacho (CC.OO.).

Gonzalo Figueira Rodríguez (UGT).

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Corrección de erros.-Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a concellos e mancomunidades de municipios para o fomento e a realización de actividades de voluntariado, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.

Advertidos erros na Orde do 31 de decembro de 2008, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 22, do 2 de febreiro de 2009, cómpre facer as seguintes correccións:

-Na páxina 2.145, no terceiro parágrafo da parte expositiva, onde di: «...proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008...», debe dicir: «...proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009...».

-Na páxina 2.145, no artigo 4º.-Contía máxima de axuda, onde di: «As axudas faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 2009.05.42.312F.460.0 (proxecto 2009 00038) por un importe 300.000 € segundo o establecido no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008. ...» debe dicir: «As axudas faranse efectivas con cargo a aplicación orzamentaria 2009.05.42.312F.460.0 (proxecto 2009 00/666) por un importe 300.000 € segundo o establecido no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, ...».

Orde do 6 de febreiro de 2009 pola que se establecen as bases que rexerán as axudas para programas de actividades realizadas por escolas de tempo libre e se procede á súa convocatoria.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 27.22º que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva nas materias do deporte e a axeitada utilización do lecer, así como a promoción do desenvolvemento comunitario.

Así mesmo, polo Decreto 285/1989, do 16 de decembro, asúmense as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción sociocultural, no ámbito da mocidade e desenvolvemento comunitario.

Coa aprobación do Decreto 211/2005, do 3 de agosto, polo que se estableceu a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e co Decreto 232/2005, do 11 de agosto, a dos seus departamentos, establecendo no seu artigo 1 a estrutura básica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, que conta coa Secretaria Xeral do Benestar, á que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de mocidade, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, desenvolvido polo Decreto 517/2005, do 6 de outubro.

Ante a importancia que hoxe adquire a organización de actividades de tempo libre e de utilización do lecer polos mozos e mozas, así como a axeitada formación dos responsables e técnicos de actividades de animación sociocultural, debe apoiarse o traballo que realizan as escolas de tempo libre existentes na nosa comunidade autónoma, en tanto que son centros recoñecidos oficialmente pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para impartir esa formación específica.

A realización de cursos ordinarios para a obtención dos títulos establecidos oficialmente en materia de tempo libre e animación sociocultural, como aqueles outros máis específicos de perfeccionamento e actualización para as persoas xa tituladas, así como outras actividades formativas nesa materia, é cometido das escolas de tempo libre, entidades que a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, pretende promocionar coa convocatoria destas axudas.

Esta convocatoria axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en concreto, no relativo aos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade na concesión das axudas e subvencións e no establecido na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009, así como ás disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega e o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións.